

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Luns, 17 Agosto 2015 12:21



Así o fixo coñecer Henrique Porte, delegado no Val Miñor da ONG Solidariedade galega co pobo saharauí (SOGAPS), tralo encontro mantido a semana pasada co rexedor. A mesma desenvolveuse [nunha merenda coas familias de acollida e os nenos e nenas saharauís](#), na que tamén estivo presente Rocío Cambra, responsable de Benestar Social no actual tripartito que goberna o municipio.

Como o [vén facendo tradicionalmente](#), o Concello de Gondomar colaborou este ano para que [unha ducia de menores puideran achegarse ao Val Miñor](#) dende os campamentos de Tinduf no marco do programa "Vacacións en Paz", coordinado pola SOGAPS. A visita permítelles convivir con outras tantas familias de acollida, nos meses de xullo e agosto, recibir atención médica e a cobertura doutras necesidades.

Segundo unha nota remitida por Henrique Porto, o alcalde Francisco Ferreira reiterou "o compromiso de seguir colaborando neste proxecto humanitario e solidario de atención aos nen@s refuxiados en Tinduf, así como a necesidade de dar solución ao problema político do Sahara Occidental".

No mesmo escrito, o representante de SOGAPS agradece ás familias acolledoras e aos responsables políticos do concello de Gondomar polo acto e a colaboración institucional, "como familiar e a atención dos medios de comunicación a este problema da última colonia que fica en África".